

**GUÍA DOCENTE DE SEGUNDO INSTRUMENTO I-II**

(INSTRUMENTOS DE CORDA PULSADA DO RENACEMENTO E BARROCO)

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO,
E POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO I-II (INSTRUMENTOS DE CORDA PULSADA DO RENACEMENTO E BARROCO)										
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO			Guitarra, Música antiga (Clave), Piano		
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Individual		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO			Música antiga		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	0'5h.
ECTS/CUAD.					1'5	1'5			Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI5
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, e no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Interpretar os diferentes estilos do repertorio solista aplicando progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento dunha interpretación estética e estilisticamente axeitada á práctica historicamente informada.	Todas
Coñecer a tablatura de letras e cifras propia do repertorio destes instrumentos, así como a teoría e a aplicación práctica dos diferentes temperamentos históricos para afinar os distintos instrumentos.	
Desenvolver os propios criterios estéticos, sensibilidade, recursos expresivos, creatividade e capacidade de autocrítica.	

4. CONTIDOS
As articulacións, modos de ataque e timbres. A dixitación e a súa problemática. Posición, control e respiración.
Ampliación dos coñecementos sobre as estruturas musicais, fraseo, ornamentación, timbres, articulación e tempo e a súa adecuación aos diferentes estilos.
Utilización dos efectos característicos do instrumento (timbres, rasgueos, percusión, etc.)



5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuadrimestre
Audicións	Presenciais	Ao longo do cuadrimestre
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*